

## ANEXO IV

**Critérios de baremo de solicitudes cando existan máis persoas candidatas que prazas**

Terán prioridade as persoas que cumpran os requisitos de acceso pola vía da experiencia profesional. Para a súa selección aplicarase o baremo seguinte:

Por experiencia laboral	Ano	Mes
Por cada ano ou mes traballado en actividades directamente relacionadas coa competencia da unidade de competencia de que solicita o recoñecemento	12 puntos por ano	Un punto por mes

Criterios para a selección das persoas que accedan pola vía de formación:

Por formación		
Por formación relacionada directamente coa unidade de competencia de que solicite a súa avaliación	10 horas	0,1 puntos

En caso de empate entre persoas estableceranse como criterios de prioridade, en primeiro lugar, a formación alegada para o caso de cumprir requisitos pola experiencia laboral ou a experiencia profesional alegada no caso de cumprir requisitos pola formación. En segundo lugar, a idade do candidato ou da candidata, primando a persoa de maior idade, e en terceiro lugar, o sexo, aplicando a discriminación positiva para as mulleres.

De persistir o empate en calquera dos casos, aplicarase o resultado do sorteo disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

